



UNIVERSIDADE
DE VIGO

ASISTENTES

Alonso González, Ángel
Alverte Pivida, Rodrigo
Andrés Iglesias, Jesús de
Balado Barciela, Adrián
Blanco Sierra, Javier
Boutinguiza Larosi, Mohamed
Bouza Rodríguez, J. Benito
Caamaño Martínez, José Carlos
Carballo González, M^a de los Ángeles
Carro Parafita, Pedro Manuel
Cid Fernández, Xosé Manuel
Collazo Fernández, Antonio
Comesaña Piñeiro, Rafael
Corbacho Valencia, Juan Manuel
Costa González, Alicia
Couto Cancela, Daniel
Cruz Freire, José Manuel
Dafonte Gómez, Alberto
De Blas Varela, M^a Esther
Díaz Casaleiro, Tomás
Díaz Pereira, M^a del Pino
Diéguez Quintas, José Luis
Dominguez Araújo, Lara
Dominguez Dominguez, Rubén
Dopico Castro, Marcos
Estévez Orge, Marcos
Expósito González, Benedicta
Falagán Mota, Jorge
Fariña Rodríguez, José
Fenollera Bolívar, M^a Inmaculada
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Iglesias, Manuel José
Fernández Rey, Aser Ángel
Fernández Riverola, Florentino
Fernández Souto, Ana Belén
Ferreiro Vázquez, Oscar
Ferro Soto, Carlos Antonio
Formoso Vázquez, David Elisardo
Fraiz Brea, José Antonio
Gallardo Medina, Mercedes
Gándara Pérez, José Antonio
García González, Silvia
García Mateo, Carmen
Garrido Campos, Julio
Garrido Suárez, Carlos
Godoy Malvar, Eduardo
Gómez Rodríguez, Alma M^a
González Almón, Yasmína
González López, Raquel
González Varela, Luis
Iglesias Blanco, Raúl
Iglesias Briones, María Jesús
Isorna Folgar, Manuel
Lameiro Diéguez, M^a de los Remedios
Llamas Nistal, Martín
López Lago, Marcos
López Rubianes, Lucrecia M^a
Lorenzo Rodríguez, M^a Edita de
Magaz Ledo, María Luisa
Marcert Miramontes, Purificación
Martín Moreno, José M.
Martínez Gómez, Alejandro
Martínez Piñeiro, Manuel
Mascuñan Tolon, Patricia Silvia
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Miramontes, Jesús Manuel
Mojón Ojea, Artemio
Mollinedo Lois, Carlos
Morán Martínez, M^a Paloma
Moure Rodríguez, María José
Nombela Castaño, Miguel Ángel
Novas Míguez, Javier
Oca Cancela, Guillermo de
Ovejero Campos, Aida
Pardo Froján, Juan E.
Patiño Vilas, David
Pazos Arias, José Juan
Peña Gallego, Ma de los Ángeles
Pérez Cota, Manuel

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo do día **5 de xuño de dous mil dezanove**, convocada para ás 10.00 h en primeira convocatoria e ás 10.30h en segunda, no Paraninfo do Edificio Ernestina Otero, Campus Universitario - Vigo.

Acadado o quórum necesario ás 10:35 h, dá comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 6 de febreiro de 2019.
2. Informe do reitor.
3. Elección dos membros da comisión para a elaboración do plan estratéxico da Universidade de Vigo: Sector PDI-A, 6 vacantes; Sector PDI-B, 2 vacantes; Sector PAS, 2 vacantes; Sector alumnado, 2 vacantes.
4. Elección dos membros da comisión de traballo para a definición dos procesos de xestión: comisión de investigación, 4 vacantes a cubrir entre directores de grupos de investigación (1 por ámbito).
5. Elección de membros da Mesa do Claustro: Sector alumnado, 1 vacante.
6. Elección de membros do Consello de Goberno: Sector alumnado, 3 vacantes.
7. Elección membro Consello de Goberno: Decanos/as/Directores-as, 1 vacante.
8. Elección de membros da Comisión Electoral: Sector alumnado, 1 vacante.
9. Elección de membros do Consello de Campus de Ourense: Sector alumnado, 2 vacantes e Sector PDI-B 1 vacante.
10. Elección de membros do Consello de Campus de Pontevedra: Sector estudantes, 5 vacantes.
11. Rogos e preguntas.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 6 de febreiro de 2019.

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior coa corrección do nome de Fernando Garrido por Julio Garrido, na intervención sobre o grao en robótica.

2. Informe do reitor.

O Sr. reitor informa sobre os seguintes asuntos:

Pérez Juste, Ignacio
Pérez Paz, María Flor
Ramos Cabrer, Manuel
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel J.
Rico Fuentes, Juan Jesús
Ríos Santomé, María José
Rivas Conde, Filemón
Rivas Ferreiro, Mauro
Rivo López, Elena
Rodríguez de la Fuente, Marta
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Rubio Armesto, M^a Belén
Santalla del Río, M^a Verónica
Sieiro Vázquez, Carmen
Siota Álvarez, Mónica
Sotelo Dios, Patricia
Soto Carballo, Jorge Genaro
Souto García, Raquel M.
Teixeira Bautista, Marta
Torres Outón, Sara M^a
Torres Romay, Emma
Vaquero García, Alberto
Vázquez Vázquez, Miguel Ángel
Vera Isasa, María
Velasco Graña, M^a Rita
Villanueva Torres, Daniel

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Alonso Prieto, Elena
Area Carracedo, Iván Carlos
Báez Montero, Inmaculada
Baltrusch, Burghard
Bueno Alonso, Jorge L.
Cancho Grande, Beatriz
Castro Cerceda, M. Luisa
Costa Montenegro, Enrique
Cuiñas Gómez, Iñigo
Dominguez Blanco, Santiago
Fernández Arias, Mónica
Fernández Suárez, Emilio
Gómez Fariñas, Beatriz
González González, Alfredo
González Santamaría, Pedro
López Mira, Álvaro Xosé
López Periago, José Eugenio
Nóvoa Rodríguez, Xosé Ramón
Porteiro Fresco, Jacobo
Teira González, Eva
Vázquez Otero, M^a Elsa
Vila Alonso, M^a de las Mercedes

- Asuntos tratados na CRUE: elección dun novo presidente (U. de Córdoba). Seguen a traballar no mesmo punto onde o deixaron: profesorado, EPIF e internacionalización, así como a mellora do decreto sobre titulacións. Haberá unha figura de profesor non doutor para áreas de especial dificultade. Despois habería unha figura de axudante doutor de 3 + 3 anos. Para estas figuras non se necesitaría a acreditación. Créase a figura de profesor substituto. Non houbo novidades na comisión de internacionalización. A comisión académica traballa na liña dos títulos duais, na docencia a distancia, na flexibilidade dos currículos do alumnado e nos sistemas integrados de grado + máster.
- En canto á creación dunha Universidade privada, os tres reitores veñen de solicitar que se estude o artellamento de novas universidades no SUG.
- Fala do acordo pendente relativo a robótica e bioquímica no Campus de Lugo, do que espera acadar beneficios para a Universidade de Vigo.
- En canto ao grao de diseño e creación informa do seu rexeitamento pola xunta da facultade de Belas Artes. Está a facerse o estudo sobre como implantar esta titulación no marco do Campus Crea de Pontevedra. Buscarase un Decano/a comisario/a probablemente para impulsar este título, sexa ou non na Facultade de Belas Artes.
- O día 25 rematou o contrato co actual delegado de protección de datos, que será substituído pola profesora Ana Garriga Domínguez, experta no tema. A meirande parte das Universidades apostan por delegados/as internos. O Sr. reitor expón as funcións básicas desta nova figura. O nomeamento foi consultado co Sr. Emilio Fernández, líder da oposición.
- Fala das accións estratéxicas sobre titulacións en galego, tras o acordo da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, que toca presidir á Universidade de Vigo a petición de Fernando Ramallo. Este ano, as tres Universidades do SUG impartirán o 80% das súas clases en galego. Na Uvigo súmanse comunicación audiovisual en Pontevedra e educación infantil e educación primaria en Ourense. A Universidade de Santiago implantará dúas titulacións e a Universidade da Coruña, unha. Haberá unha axuda por parte da Universidade de Vigo para as nosas titulacións. Agradece o traballo dos centros e das persoas que colaboraron neste proxecto.
- Aprobouse no Consello de Goberno unha acción de discriminación positiva cara á igualdade de investigadores e investigadoras no coidado de fillos e persoas dependentes.

A continuación o Sr. reitor comunica ao claustro que no proceso electoral non é necesario facer votación, pola renuncia das candidatas presentadas.

3. Elección dos membros da comisión para a elaboración do plan estratéxico da Universidade de Vigo: Sector PDI-A, 6 vacantes; Sector PDI-B, 2 vacantes; Sector PAS, 2 vacantes; Sector alumnado, 2 vacantes.

O Sr. reitor indica que as candidaturas presentadas son:

Sector PDI-A

- Reboreda Morillo, Susana
- Rivo López, Elena
- Rodríguez Martínez, Francisco Javier

Sector PDI-B

- González Santamaría, Pedro
- Torres Outón, Sara M^a

Sector estudantes

- Domínguez Blanco, Santiago
- Rico Fuentes, Juan Jesús

PAS

- Alberte Pivida, Rodrigo

Dado que hai menos candidaturas que postos a cubrir non hai que celebrar eleccións.

4. Elección dos membros da comisión de traballo para a definición dos procesos de xestión: comisión de investigación, 4 vacantes a cubrir entre directores de grupos de investigación (1 por ámbito).

O Sr. reitor indica que non se presentaron candidaturas e, ao non haber voluntarios/as, sinala que a comisión comezará a traballar, aínda que el poderá convidar a algún director ou directora de grupos de investigación a participar, sen prexuízo de que poida traerse de novo no seguinte claustro.

5. Elección de membros da Mesa do Claustro: Sector alumnado, 1 vacante.

O Sr. reitor indica que se presentaron as seguintes candidaturas:

- Couto Cancela, Daniel

Dado que hai o mesmo número de candidaturas que postos a cubrir non hai que celebrar eleccións..

6. Elección de membros do Consello de Goberno: Sector alumnado, 3 vacantes.

O Sr. reitor indica que se presentaron as seguintes candidaturas:

- Couto Candela, Daniel
- Domínguez Blanco, Santiago
- González Almón, Yasmina

Dado que hai o mesmo número de candidaturas que postos a cubrir non hai que celebrar eleccións.

7. Elección membro Consello de Goberno: Decanos-as/Directores-as, 1 vacante.

O Sr. reitor indica que só hai unha candidatura, a de García Señorán, María del Mar, polo que non é necesaria a elección e queda elixida a única candidata.

8. Elección de membros da Comisión Electoral: Sector alumnado, 1 vacante.

O Sr. reitor indica que se presentou a seguinte candidatura:

- Rico Fuentes, Juan Jesús

Dado que hai o mesmo número de candidaturas que postos a cubrir non hai que celebrar eleccións.

9. Elección de membros do Consello de Campus de Ourense: Sector alumnado, 2 vacantes e Sector PDI-B 1 vacante.

O Sr. reitor informa de que non se presentaron candidaturas.

10. Elección de membros do Consello de Campus de Pontevedra: Sector estudantes, 5 vacantes.

O Sr. reitor indica que non se presentaron candidaturas.

11. Rogos e preguntas.

O Sr. reitor abre a quenda de preguntas. O Sr. Federico Fernández pregunta polas promesas do equipo reitoral en relación co PAS. O Sr. reitor indica que se trata de compromisos e descúlpase pola velocidade no cumprimento, aínda que se están a negociar e que informará dos avances no seguinte claustro.

O Sr. Pedro Carro, representante do alumnado, pregunta polos retrasos dos autobuses nas liñas da Universidade no Campus de Vigo. Pregunta pola situación dos bonos adquiridos por representantes de Ourense e Pontevedra para achegarse ao claustro no Campus de Vigo por valor de 40 euros e que non se lles abonaron. O Sr. reitor indica que tentarase poñer un autobús e que se informará sobre o sucedido. En canto aos retrasos nas liñas de autobús, informa sobre o compromiso acadado coa alcaldía de Vigo en relación coa mellora do transporte ao Campus de Vigo.

O Sr. Luis González, representante do alumnado, pregunta pola situación da representación sindical do persoal investigador e pola contabilidade de horas dos investigadores que esixe a normativa. O Sr. reitor informa sobre o estudo da normativa do control horario na CRUE, sinalando que dita normativa é para controlar aos patróns. Haberá que agardar ao informe da CRUE para comezar a negociar coa representación sindical. Sobre a primeira pregunta, suxire que poden crear a súa propia representación sindical, e cre absurdo que haxa traballadores sen representación sindical. Indica que o estudará co Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado e entende que o Sr. Luis González ten razón.

O Sr. Alberto Daponte pregunta polo desenvolvemento dos plans de promoción en relación cos profesores contratados doutores interinos, e se hai unha marxe temporal definida ao respecto. O Sr. reitor indica que haberá que agardar aos orzamentos do Estado, o que podería supoñer unha solución rápida. Pon de manifesto os compromisos e as limitacións existentes que limitan as posibilidades de promoción con carácter xeral. Espera que este ano se poida asumir cos orzamentos do Estado ou, en todo caso, asumir esta promoción gradualmente, tras falalo coas forzas sindicais nas mesas de negociación.

O Sr. Juan Pardo, Director da Escola de Enxeñaría Industrial, pregunta polos traballos feitos en relación co grao en robótica para o Campus de Lugo, e as negociacións levadas a cabo ao respecto. O Sr. reitor entende que houbo información e prefire falalo directamente co Sr. director da Escola de Enxeñaría Industrial ou nunha reunión na propia Escola.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:25 h do día 5 de xuño de 2019, da que eu como secretario xeral dou fe, co vº. e pr. do reitor.

O reitor

O secretario xeral

Manuel J. Reigosa Roger

Miguel Ángel Michinel Álvarez